

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 29 DE OUTUBRO DE 2007

LICENZAS

FAVORABLES.-

2272/07.- Entidade Fundosa Lavanderías Industriales, S.L.- Derruba parcial de nave sita na R/ Pasteur núm.17 do Polígono do Tambre.-

1892/07.- Inmobiliaria Ginarte e Hijos, S.L.- Derruba de catro viv. unif. na R/ Sánchez Freire núm.8-10-12-14.-

2005/04.- Jorge Mogo Maza.- Derruba edificación existe e construción de viv. unifamiliar en Sta. Lucía núm.75.-

651/07.- Fundación José Otero-Carmela Martínez.- Movemento de terras e execución de estrutura ata a cota cero de parcela da residencia xeriátrica sita na R/ Escultor Camilo Otero non SUP-3 de Pontepedriña.-

PARCELACIÓNS.-

1984/07.- Sagrario Seoane Lata.- Parcela sita no Lugar de Zancas de Roque, Aríns, finca núm.519 de concentración de San Martiño de Aríns (-).-

1640/07.- Manuel Vázquez Garabal.- Parcela núm. 138-2 de concentración de Sta Mª de Figueiras (+).-

1983/07.- Manuel de la Fuente Fernández.- Parcela sita no Lugar de Eira de Neiro, parcela 596 de concentración de Eixo, Marrozos (-).-

APERTURAS.-

Lap/475/06.- Sociedad Cooperativa Galega.- Garaxe de tres bloques de vivendas sito en Volta do Castro, SUNP-16.-

OCIHR

LICENZAS

PARCELACIÓN.-

FAVORABLE.-

LIC/ 529/2007.- FRANCISCO LOIS MASTACH.- Parcelación Urbanística do inmovible sito na Rúa Avda. Xoán XXIII nº 5 e 7.-

4.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas para varias familias en concepto de comedor escolar e vivenda por un importe total de 1.325 euros.

5.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á solicitude á Consellería de Vivenda e Solo do adianto da anualidade 2007 para a área de rehabilitación integral do Polígono de Vista Alegre.

Acórdase solicitar da Consellería de Vivenda e Solo o adianto da anualidade 2007, de 117.000 euros, que figura no acordo da Comisión Bilateral do Plan de Vivenda de 23 de abril de 2007, relativo á área de rehabilitación integral do Polígono de Vista Alegre.

6.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á aprobación da memoria-programa das actuacións na área de rehabilitación integral do polígono de Vista Alegre.

Apróbase a memoria-programa para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda e a efectos de poder asinar a segunda fase do convenio entre a Consellería de Vivenda, o Ministerio de

Vivenda e o Concello no que se recollen as actuacións subvencionadas en materia de rehabilitación de vivenda e de reurbanización. De acordo coa memoria, para esta fase do convenio prevense os seguinte parámetros de actuacións e orzamentos:

Programa de rehabilitación de vivendas- orzamento total: 400.000 euros.

Número de actuacións: 20

Consellería: 90.000 (22,5%)

Ministerio: 90.000 (22,5%)

Aportacións particulares: 220.000 (55%)

Programa de reurbanización- orzamento total da segunda fase: 90.000 euros.

Ministerio: 18.000 euros (20%)

Consellería: 27.000 euros (30%)

Concello: 45.000 euros (50%)

7.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á aprobación da memoria-programa das actuacións na área de rehabilitación do centro histórico de Santiago.

Apróbese a memoria-programa na que se establecen as aportacións do Ministerio de Vivenda, da Consellería de Vivenda, do Concello e dos particulares durante os anos 2007-2010.

- O Ministerio financia a rehabilitación, a urbanización e o equipo técnico por importe de 388.000 euros.

- A Xunta, a rehabilitación e a urbanización por importe de 325.000 euros.

- O Concello, a urbanización e o equipo técnico por importe de 119.500 euros.

En 2007:

Ministerio: 18.250 euros

Xunta: 13.000 euros

8.- Adxudicación da contratación das actividades incluídas no Programa de información e formación en prevención de drogodependencias para alumnado da ESO, Bacharelato, Garantía Social e Ciclos Formativos.

Acórdase a adxudicación á Asociación para a Prevención e Intervención Psicológica CHISEM por importe de 15.161 euros.

9.- Revisión de IPC do contrato de aluguer do local nº 5 da rúa Presidente Salvador Allende para a súa utilización como sede de oficinas municipais.

Acórdase prorrogar o contrato de aluguer de referencia ata o 15 de xuño de 2008, así como a revisión do prezo de aluguer conforme ás variacións correspondentes ao IPC. A renda queda fixada desde o mes de novembro de 2007 en 874 euros/mes.

10.- Adxudicación da contratación das actividades incluídas no Programa de prevención de drogodependencias a través do entramento en habilidades sociais con alumnos de ESO, con adolescentes e con pais e nais.

Acórdase a adxudicación á Asociación para a Prevención e Intervención Psicológica CHISEM por importe de 22.184 euros.

11.- Adxudicación das obras de alumeado público na rúa das MULAS en Boisaca.

Apróbese o proxecto e a adxudicación das obras á empresa DAVIÑA, SL, por importe de 23.000 euros.

12.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo de Limpeza nos edificios e dependencias do Concello de Santiago.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas así como o inicio do expediente para a citada contratación, por concurso e procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 875.756 euros.

13.- Prórroga do contrato de seguro de asistencia sanitaria para o persoal funcionario do Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase a prórroga do devandito contrato suscrito con LA UNIÓN MADRILEÑA DE SEGUROS a contar desde o 1 de xaneiro de 2008 ata o 1 de xaneiro de 2009, así como o incremento do prezo conforme á variación experimentada polo IPC de seguros médicos no período correspondente.

14.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á resolución da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado do ano 2007.

Apróbase a concesión das devanditas subvencións a 48 entidades por importe de 227.469 euros.

15.- Aprobación da sinatura do convenio coa Asociación Española contra o cancro.

Apróbase a sinatura e o texto do convenio, cun importe de 2.500 euros.

16.- Proposta da concelleira delegada de Casco Histórico relativa á autorización do uso da vía pública pola rampla-escaleira do edificio da SGAE.

Acórdase autorizar á SGAE a ocupación de 14 metros cadrados de superficie da rúa Salvadas, 0,75 metros lonxitudinais con rampla-escaleira de acceso ao edificio da SGAE, condicionando a eficacia desta autorización á legalización dendo o punto de vista urbanístico das modificacións efectuadas pola SGAE sobre a obra proxectada.

A rampla-escaleira será propiedade do Concello, non obstante, os desperfectos ocasionados nesta e no viario como consecuencia da súa utilización serán responsabilidade da SGAE

17.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo para dar conta do documento refundido do Proxecto de urbanización da unidade de actuación número 5 (UA-5) do PERI-3.

Dáse conta á Xunta de Goberno.

18.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á recepción de obras do proxecto de urbanización do solo urbanizable programado número 6 (SUP-6) de Santa Marta.

Dáse conta da recepción.

19.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á recepción de obras do proxecto de urbanización das conexións exteriores das augas pluviais e residuais dos sectores do solo urbanizable programado número 6 (SUP-6) de Santa Marta e do solo urbanizable non programado número 22 (SUNP-22) de Castro de Abaixo.

Dáse conta da recepción.

20.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á recepción de obras do proxecto de urbanización do solo urbanizable non programado número 1 (SUNP-1) de Meixonfrío.

Dáse conta da recepción.

21.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á adopción de acordo sobre o proxecto de parcelación do solo urbanizable non programado número 38 (SUNP-38) de Formaris.

Acórdase denegar a aprobación inicial do devandito proxecto, presentado o 5 de outubro de 2007 por PROCESOS EDIFICATORIOS, SL, e requirir a EMUVISSA a fin de que proceda, no prazo máis breve posible, á formulación de oficio do necesario proxecto de parcelación.

22.- Proposta relativa ao nomeamento dun asesor do Goberno Municipal.

Apróbase o nomeamento de Daniel Romero Rodríguez como asesor do Goberno Municipal.

23.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á xustificación do 1º prazo do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o Club Baloncesto Pio XII.

Apróbase a xustificación do devandito pago por importe de 20.000 euros.

24.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel relativa á adquisición do material de decoración do Nadal 20076/2008.

Adxudícase a adquisición do material decorativo (5 unidades de figurinas de pingüíns e 3 unidades de fontes luminosas) á empresa STARTE DECORACIÓN & MARKETING NAVIDEÑO, por importe de 9.831 euros.

25.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á adxudicación da Asistencia técnica para a coordinación de seguridade e saúde das obras de rexeneración do cauce e recuperación ambiental das ribeiras do río Sarela.

Adxudícase a asistencia técnica á empresa CONSULTORES DE MEDIO AMBIENTE Y DESARROLLO, SL por importe de 3.944 euros.

26.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ás actividades do día mundial en recordo das vítimas de accidentes de tráfico.

Apróbase o programa de actos e un orzamento de 850 euros.

27.- Proposta da concelleira delegada de Persoal e Réxime Interior relativa á modificación da composición dos representantes do Goberno Municipal nomeados membros do Comité de Seguridade e Saúde Laboral.

Acórdase modificar a composición dos representantes do Goberno Municipal nomeados membros do Comité de Seguridade e Saúde Laboral, de xeito que a composición queda como segue:

- Rosa Fernández Somoza, concelleira de Persoal e Réxime Interior, que presidirá o comité.
- José Ángel Baqueiro Canabal
- Mar Martín García
- Andrés Fariña Cadenas
- Guadalupe Rodríguez Silva
- Carlos Nieves Vicente
- Mercedes Rosón Ferreiro

28.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á constitución das Mesas de Negociación do persoal funcionario, da Xeral de Negociación do artigo 36 da Lei 7/2007 e da Comisión Negociadora do convenio colectivo do Persoal Laboral.

Acórdase a designación como representantes do Concello na Mesa Xeral de Negociación do persoal funcionario, na Comisión Negociadora do Convenio Colectivo do persoal laboral, e na Mesa Xeral de Negociación conxunta de persoal funcionario e laboral dos seguintes concelleiros:

- Rosa Fernández Somoza
- José Ángel Baqueiro Canabal
- Mar Martín García
- Andrés Fariña Cadenas
- Guadalupe Rodríguez Silva
- Carlos Nieves Vicente
- Mercedes Rosón Ferreiro

29.- Dar conta pola concelleira delegada de Persoal, Réxime Interior e Reforma Administrativa da corrección de erro no punto nº 35 da sesión da Xunta de Goberno Local de data 24.09.07.

Dáse conta da corrección do erro.

30.- Dar conta da concesión dunha subvención pola Deputación Provincial para a Escola Municipa de Música de Santiago.

Dáse conta da devandita subvención por importe de 10.000 euros.

31.- Dar conta da concesión de axudas para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de integración da poboación inmigrante extracomunitaria.

Dáse conta das seguintes subvencións concedidas pola Secretaría Xeral de Emigración:

Programa: *Fomento de actuacións coordinadas entre os centros educativos e o seu contorno e de actividades de educación non formal e extracurriculares.* Contía total: 4.500 euros.

Programa: *Actuacións dirixidas a facilitar a integración social das mulleres inmigrantes que se atopan nunha situación de especial vulnerabilidade.* Contía total: 4.500 euros.

32.- Dar conta da resolución da convocatoria de subvención a proxectos ou accións de investigación-acción que teñan relación co esforzo global anti-VIH/sida en Galicia para o ano 2007.

Dáse conta das seguintes axudas concedidas pola Consellería de Sanidade ao Concello de Santiago (Cantidade total: 7.300 euros):

1.- programa de prevención de VIH/SIDA dirixido a adolescentes en situación de risco denominado *Sexo máis seguro* (400 euros)

2.- programa de prevención de VIH/SIDA dirixido ao centro de educación especial O Pedroso: *Sexo máis seguro* (900 euros)

3.- programa de prevención de VIH/SIDA dirixido a usuarios e ex usuario *Obradoiro sexo máis seguro e consumo de menos risco* (1.000 euros)

4.- programa de rúa ou achegamento con participación de usuarios ou ex usuarios de drogas *Bola de neve* (1.200 euros)

5.- programa *Kamelamos Guinar* de prevención de VIH/SIDA, dirixido ao colectivo específico de xitanos e xitanas (2.900 euros)

6.- programa de prevención do VIH/SIDA, dirixido ao colectivo gay de Santiago de Compostela (900 euros).

33.- Dar conta polo concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo da sinatura de diversos convenios de colaboración.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sinatura dos convenios de colaboración para a realización de actividades de dinamización comercial na anualidade 2007 coas seguintes entidades:

- Centro Comercial Aberto Compostela Monumental. O Concello aporta 26.000 euros.

- Agrupación de Comerciantes de Santiago ACOTÉS – 26.000 euros.

- Fundación Santiago Centro Área Comrcial – 26.000 euros.

- Mercado de Abastos de Santiago – 13.000 euros.

URXENCIAS

1.- Apróbbase inicialmente unha axuda para a rehaiblitación dunha vivenda na rúa Virxe da Cerca, por importe de 7.856 euros.

2.- Apróbbase a delegación da concesión de licenzas e autorizacións relativas a transporte público, dentro da xestión ordinaria do departamento, a Carlos Nieves, concelleiro delegado de Transportes e Mercados.